

biofilmografía

Nacín fai 23 anos en Santiago de Compostela. “Tésis” de Alejandro Amenábar foi o punto de partida que fixo que me decidise a estudar cine, e agora Amenábar é o meu referente máis claro.



Cursei estudos de Imaxe e Realización de audiovisuais na Escola de Imaxe e Son da Coruña, e ademáis de guionizar e dirixir principalmente curtametraxes, tiven a sorte de ser operador de cámara en reportaxes, curtas e montador en diversos proxectos.

Con CICATRICES a nosa segunda curta conseguimos o premio **MESTRE MATEO Á MELLOR CURTA DE FICCIÓN 06** da ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL, e eu a nivel persoal conseguín a etiqueta de ser o director máis novo en acadar este galardón.

Ó ano seguinte, con ROSA DOS VENTOS volvimos estar **NOMINADOS Á MELLOR CURTA DE FICCIÓN 2007** nos mesmos premios. Despois veu CORES, a nosa curtametraxe máis premiada con máis de 14 premios en festivais Nacionais e Internacionais. Gracias a ela conseguín coñecer unha parte de España.

Ao carón da produción de curtas impartín diversos seminarios sobre Guión, Fotografía, Documental, Curtas...etc

A mediados de 2009 decidín que era o momento de ir un pouco máis aló, e xunto a Sara (a miña axte. De dirección dende o comezo) decidimos poñer en marcha **PIXEL FILMS**, unha productora de cine dixital con tecnoloxía RED ONE sendo desta forma os primeiros en ofertar estes servizos en Galicia.

En 2005 debuta como guionista e director con **RETRATO** unha curta xuvenil que fala do paso do tempo e das oportunidades perdidas. Os actores protagonistas foron TAMAR NOVAS (Goya 2005 ó mellor actor revelación por *Mar Adentro*) e Sara Casanovas (*Amar en tiempos revueltos, 2007*) e María Castro (*Sin Tetas no hay paraíso*)



En febreiro de 2006 chegaría **CICATRICES**. Unha curta de temática social de novo cun reparto de luxo: Isabel Blanco, Estibaliz Veiga e Xavier Deive. Esta curta acadou o premio máis importante a nivel galego, o **MESTRE MATEO Á MELLOR CURTA DE FICCIÓN 2006**, o que se considera o goya galego.

Un día despois de gañar o Mestre Mateo presentouse **ROSA DOS VENTOS**, unha curta **sobre as viúvas do mar e sobre Galicia**. Con Belén Constenla (*A Vida por diante*), Miguel Borines, María Castro (*SMS-2007; Sin tetas no hay paraíso-2008*) e Fernando Morán (*As leis de Celavella-2005*). Esta curta foi **NOMINADA A MELLOR CURTA DE FICCIÓN MESTRE MATEO 2007**.

No verán de 2007 é invitado ó Festival On/OFF de Ribadeo onde realiza unha curtametraxe express: rodando, editando e estreando en 5 días. O resultado foi **1936. RIBADEO**, unha curta ambientada na Guerra Civil, pero que máis alá do conflito, fala dos muros que hai que derribar na vida. Con Xosé Barato e Xoaquín Domínguez.

En novembro de 2007, rodan unha nova curtametraxe ambientada na Guerra Civil. Con Alberto Rolán e Vicente de Souza, **CORES** fala da inocencia da Guerra, e de todos aqueles que loitaban sen saber para quen. Unha curta, que polo de momento, está convencendo a público e crítica.

CORES é unha das curtas galegas máis premiadas en 2008 tanto dentro coma fóra de Galicia acumulando máis de dez premios nos cinco primeiros meses de distribución

Na actualidade **CAMPÁS**, atópase percorrendo festivais onde xa conseguiu o Premio á Mellor Curtametraxe Cidade de Calahorra.

2009. CAMPÁS. Mejor Cortometraje. X Festival de Cortometrajes Corten de La Rioja.
2008. CORES. Mejor Cortometraje Nacional. XIII Festival de Cine de Zaragoza.
2008. CORES. Mellor Vestiario. Festival Internacional de Bueu.
2008. CORES. Mellor Director. Festival de Curtametraxes Corten de La Rioja.
2008. CORES. Mellor Curtametraxe. Festival de Curtametraxes de Siles (Jaén).
2008. CORES. 2º Premio. Mellor curta. Festival de curtametraxes de Albalanejo (Cuenca)
2008. CORES. 2º Premio. Festival Internacional de Microcurts de Igualada.
2008. CORES. Mellor Curtametraxe. Festival Cidade de Sada
2008. CORES. Mellor Guión. Festival Cidade de Sada
2008. CORES. Premio do Público. Festival Nacional de Curtas “Redondela en curto”
2008. ROSA DOS VENTOS. Nominada ó Mestre Mateo á Mellor Curta de Ficción 2007. Academia Galega do Audiovisual.
2008. ROSA DOS VENTOS. Mellor Actriz. Festival Cidade de Sada
2007. ROSA DOS VENTOS. Mellor película Santiago Sete 2007. Premio dos lectores.
2007. CICATRICES. Mestre Mateo 2006 á Mellor Curta de Ficción. Academia Galega do Audiovisual.
2006. CLAUSTROFILIA. Premio AVID ‘non te curtes’. Curtocircuito 2006
2006. LLÁMAME. Premio Acción Concello de Boiro

citas de prensa

'Lonxe das poses, dos 'sectores estratéxicos', do moito ruído e poucas noces, do moito técnico e pouco autor de talento, do 'fenómeno', Jairo Iglesias é hoxe unha verdadeira garantía de futuro para o noso audiovisual' Galicia Hoxe – Yolanda Castaño

'Jairo iglesias es el director más joven nominado a los Premios Mestre Mateo, por un corto que cuenta con un reparto de lujo y una estupenda banda sonora' Diario de Pontevedra.- Belén B.

'É un dos curtametraxistas máis asentados dentro do panorama galego, un dos de maior talento, un dos máis mediáticos e, aínda por riba, o director máis novo. Rebobinemos! Se falar de Iglesias é falar de Amenábar, falar de Amenábar é falar de Spielberg (isto último é vox populi). Polo tanto Jairo Iglesias está chamado a ser o "Spielberg galego".

(...)

Entre todas as secuencias destaca a do porto na que Jairo iglesias filmou, sen tremelle a man, un dos primeiros planos máis fermosos da historia do audiovisual galego.' Axencia Audiovisual Galega.- María Gondar.

'Un corto tiene todos los peligros de un largometraje, y la dificultad de tener que condensar una historia en pocos minutos. Iglesias ha construído unha historia de amor y de sentimientos. Un corto muy laborioso que augura grandes coas' Diario de Pontevedra – Cristina Michelena

'Jairo Iglesias, a promesa do cine galego' Galicia Hoxe – maré.

'Puede que el guión de Cicatrices suene, pero el final y el tratamiento de la cinta sorprende al público' El ideal gallego - Elena P.

'Con solo 20 años, Jairo Iglesias va a estrenar su segundo cortometraje' El Correo Gallego.

'Jairo Iglesias aspira de nuevo al Mestre Mateo' La Opinión Coruña

contacto

Teléfono. 620 738 440

Correo electrónico. jairo@pixelfilms.es

webs: www.jairoiglesias.com

www.pixelfilms.es